

**GUÍA INFORMATIVA SOBRE A
APLICACIÓN DA BONIFICACIÓN DA
XUNTA DE GALICIA NA MATRÍCULA
PARA O CURSO 2024/2025**

Cuestións xerais	4
Onde se regula a bonificación?	4
Pode a USC aplicarme a bonificación se non cumpro cos requisitos do Decreto? ..	4
Podo ser beneficiario da acción social da USC, pero dubido de se podo seleccionar a bonificación da Xunta no proceso de matrícula	4
Estudantado de novo ingreso	4
Fixen as probas de acceso á universidade fóra de Galicia. Podo beneficiarme da bonificación?	4
Teño un ciclo formativo de grao superior que rematei en decembro de 2023. Podo beneficiarme da bonificación?	4
Son titulado universitario pero nunca puiden ser beneficiario da bonificación. Podo ser beneficiario da bonificación?	4
Estudantado de continuidade	5
Superei neste curso 2023/2024 60 créditos ECTS en primeira matrícula, pero 54 correspóndense co segundo curso e 6 son “adiantados” de terceiro. Podo ser beneficiario da bonificación? Teño que matricular só os créditos de terceiro (54), ou podo matricular do que me resta de terceiro e adiantar unha materia de cuarto para chegar aos 60 créditos ECTS?	5
Este curso estiven matriculado de 72 créditos ECTS, 60 de terceiro e 12 de cuarto, superando todo en primeira matrícula. Para rematar o grao restan 48 créditos ECTS. Podo beneficiarme da bonificación?	5
Acabo de rematar segundo curso, marcho de intercambio a outra universidade e resulta imposible seguir o plan de estudos da USC. De feito, teño que matricular de 54 créditos de terceiro e 6 de cuarto. Superei os 60 créditos ECTS de segundo en primeira matrícula. Podo beneficiarme da bonificación?	5
O curso pasado recoñecéronme 12 créditos ECTS e superei en primeira matrícula 48 créditos ECTS. Cantos créditos podería bonificar?	5
Son a estudante do caso anterior e quero matricularme do seguinte curso, no que teño que superar 48 ECTS, 3 deles de carácter optativo. Estou pendente dun recoñecemento deses 3 créditos ECTS optativos por ter cursado unha materia noutra universidade. Podo matricularme de 45 créditos ECTS?	6
Teño xa recoñecidos 3 créditos optativos por acreditación de idioma e con eles cubriría a optatividade que no plan de estudos se vencella ao curso seguinte no que me teño que matricular (esíxense 3 créditos optativos nunha materia). Podo	



ser beneficiaria se me matriculo dos 57 créditos ECTS que conforman o curso, sen precisar matricularme dos 3 créditos ECTS optativos dunha materia?..... 6

No curso 2023/2024 superei 60 créditos ECTS, 54 de terceiro curso e 6 dunha materia de segundo curso, todos aprobados en primeira convocatoria. Teño dereito á bonificación de 60 créditos ECTS ou de 54 ECTS? 6

Son estudante de Enfermaría e en terceiro curso hai unha optativa na que só se admiten a 10 solicitantes para cursala. Non fun seleccionado. Podo ser beneficiario da bonificación ao escoller unha optativa doutro curso? 6

Cuestións xerais

Onde se regula a bonificación?

A bonificación recóllese no artigo 13 do Decreto 164/2024, do 24 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2024/25 ([Bonificación por créditos superados en primeira matrícula](#)).

Pode a USC aplicarme a bonificación se non cumpro cos requisitos do Decreto?

Non. A USC non pode aplicar a bonificación fóra dos supostos recollidos no Decreto.

Podo ser beneficiario da acción social da USC, pero dubido de se podo seleccionar a bonificación da Xunta no proceso de matrícula

O artigo 13 do Decreto dispón que “Esta bonificación efectuarase logo de aplicar calquera outra bonificación e/ou exención recollida no presente decreto ou no resto da normativa vixente”, polo que todas as demais teñen prioridade sobre ela na súa aplicación.

Estudantado de novo ingreso

Fixen as probas de acceso á universidade fóra de Galicia. Podo beneficiarme da bonificación?

Non. O decreto é claro neste punto e esixe “Ter superado nalgunha das convocatorias de 2024 a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) ou ben as probas específicas para maiores de 25 e 45 anos, organizadas pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)”.

Teño un ciclo formativo de grao superior que rematei en decembro de 2023. Podo beneficiarme da bonificación?

Non. A documentación acreditativa ten que expresar claramente que a superación se corresponde co ano 2024.

Son titulado universitario pero nunca puiden ser beneficiario da bonificación. Podo ser beneficiario da bonificación?

Non. Trátase dunha medida social e económica de apoio ás familias, destinada a dar unha maior facilidade para a entrada na universidade, polo que non se aplica a quen xa ten un título universitario de grao, máster ou doutorado.

Estudantado de continuidade

Superei neste curso 2023/2024 60 créditos ECTS en primeira matrícula, pero 54 correspóndense co segundo curso e 6 son “adiantados” de terceiro. Podo ser beneficiario da bonificación? Teño que matricular só os créditos de terceiro (54), ou podo matricular do que me resta de terceiro e adiantar unha materia de cuarto para chegar aos 60 créditos ECTS?

De cumprirse os requisitos do decreto, a bonificación aplícase aos 54 créditos aprobados correspondentes ao segundo curso. A bonificación non se aplica a créditos “adiantados”.

En canto á matrícula, pódese optar por matricular 54 de terceiro ou 60 (54 de terceiro e 6 de cuarto, estes últimos sen bonificación).

Este curso estiven matriculado de 72 créditos ECTS, 60 de terceiro e 12 de cuarto, superando todo en primeira matrícula. Para rematar o grao restan 48 créditos ECTS. Podo beneficiarme da bonificación?

Si. Son bonificables os créditos (48) que se correspondan co curso (non os adiantados). Nestes supostos enténdese que o estudante matricula no curso completo, xa que non lle restan mais materias para rematar o grao.

Acabo de rematar segundo curso, marzo de intercambio a outra universidade e resulta imposible seguir o plan de estudos da USC. De feito, teño que matricular de 54 créditos de terceiro e 6 de cuarto. Superei os 60 créditos ECTS de segundo en primeira matrícula. Podo beneficiarme da bonificación?

Si. Ao non coincidir os plan de estudos, podes ser beneficiario matriculando de todos os créditos que correspondan segundo o plan da USC e, de ser o caso, dos créditos que precisen do curso seguinte. A bonificación aplicaríase aos 54 créditos ao ser os que che corresponden polo curso, xa que non se aplica aos créditos “adiantados”. Agora ben, a superación destes créditos adiantados de intercambio si se imputa aos efectos de calcular a porcentaxe de créditos superados en primeira matrícula.

De aprobar todos os créditos en primeira matrícula e cumprir coas porcentaxes previstas no decreto, no curso 2025/2026 podería ser beneficiario da bonificación para 54 créditos se matriculo a materia de terceiro (6 créditos ECTS) e o que me resta de cuarto curso (54 créditos ECTS).

O curso pasado recoñecéronme 12 créditos ECTS e superei en primeira matrícula 48 créditos ECTS. Cantos créditos podería bonificar?

Tería dereito á bonificación, por cumprir os requisitos, de 48 créditos ECTS (xa que os créditos recoñecidos non computan).

Son a estudante do caso anterior e quero matricularme do seguinte curso, no que teño que superar 48 ECTS, 3 deles de carácter optativo. Estou pendente dun recoñecemento deses 3 créditos ECTS optativos por ter cursado unha materia noutra universidade. Podo matricularme de 45 créditos ECTS?

Para ser beneficiaria da bonificación, os créditos pendentes de recoñecemento non poden terse en conta. Debes matricular dos 48 créditos ECTS e unha vez recoñecidos, modificar a túa matrícula.

Teño xa recoñecidos 3 créditos optativos por acreditación de idioma e con eles cubriría a optatividade que no plan de estudos se vencella ao curso seguinte no que me teño que matricular (esíxense 3 créditos optativos nunha materia). Podo ser beneficiaria se me matriculo dos 57 créditos ECTS que conforman o curso, sen precisar matricularme dos 3 créditos ECTS optativos dunha materia?

Si. Se cumpres os requisitos, considérase que a matrícula nos 57 ECTS equivale á matrícula no curso completo. Agora ben, aos efectos dunha potencial aplicación da bonificación para o seguinte curso, os 57 créditos ECTS serían os únicos a considerar (excluíndose os 3 ECTS recoñecidos como optativos).

No curso 2023/2024 superei 60 créditos ECTS, 54 de terceiro curso e 6 dunha materia de segundo curso, todos aprobados en primeira convocatoria. Teño dereito á bonificación de 60 créditos ECTS ou de 54 ECTS?

Tes dereito á bonificación de 54 créditos ECTS porque só se toman en consideración aos efectos de cálculo da bonificación os superados que correspondan ao curso que che toca matricular ordinariamente.

Son estudante de Enfermaría e en terceiro curso hai unha optativa na que só se admiten a 10 solicitantes para cursala. Non fun seleccionado. Podo ser beneficiario da bonificación ao escoller unha optativa doutro curso?

Si. Neste caso considérase que a falta do seguimento estrito do plan de estudos non é imputable ao estudante, polo que pode matricular noutra materia optativa non asociada a ese curso e aplicarse igualmente a bonificación.

Esta guía ten carácter informativo e está suxeita á modificacións en función dos criterios interpretativos facilitados pola Secretaría Xeral de Universidades